



## **Conservatorio Profesional de Música de Carballo**

Programación oficial de Repentización, Transposición e  
Acompañamento para acordeón

Curso Académico 2023/2024

## Índice

1. Introducción.....	4
2. Metodoloxía.....	4
3. Atención á diversidade.....	5
4. Temas transversais.....	6
5. Secuenciación do curso.....	8
5.1. Curso: 4º Grao Profesional.....	8
5.1.1. Obxectivos.....	8
5.1.2. Contidos.....	8
5.1.3. Avaliación.....	9
Criterios de avaliación	
Mínimos esixibles	
Procedementos e ferramentas de avaliación	
Criterios de cualificación	
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	
5.1.4. Medidas de recuperación.....	13
Procedementos de recuperación ordinarios	
Probas extraordinarias de xuño	
5.1.5. Recursos didácticos.....	14
5.2. Curso: 5º Grao Profesional.....	15
5.2.1. Obxectivos.....	15
5.2.2. Contidos.....	15
5.2.3. Avaliación.....	17
Criterios de avaliación	
Mínimos esixibles	
Procedementos e ferramentas de avaliación	
Criterios de cualificación	
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	
5.2.4. Medidas de recuperación.....	20
Procedementos de recuperación ordinarios	
Probas extraordinarias de xuño	

5.2.5. Recursos didácticos.....	21
5.3. Curso: 6º Grao Profesional .....	23
5.3.1. Obxectivos.....	23
5.3.2. Contidos .....	24
5.3.3. Avaliación .....	25
Criterios de avaliación	
Mínimos esixibles	
Procedementos e ferramentas de avaliación	
Criterios de cualificación	
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	
5.3.4. Medidas de recuperación .....	29
Procedementos de recuperación ordinarios	
Probas extraordinarias de xuño	
5.3.5. Recursos didácticos.....	30
6. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica .....	31
7. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento .....	31
8. Porbas de acceso.....	31
9. Premios Fin de Grao .....	33

## 1. Introducción

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

**Grao profesional:** A lei orgánica 2/2006 de 3 de maio, establece no seo artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que contiñan as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación dá concreción a dito decreto de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes do Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade a garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizada e preparatoria para estudos posteriores.

## 2. Metodoloxía

A base metodolóxica dos ensinos artísticos instrumentais, é a do método individualizado: as estratexias pedagóxicas deben ser flexibles e estruturadas de forma independente para cada alumno, de acordo coas súas características físicas, psíquicas, artísticas etc. Se os obxectivos e contido básicos son comúns, os métodos para alcanzalos deben ser deseñados en función da individualidade de cada alumno, e modificados de forma permanente para tentar desenvolver o potencial de cada alumno no seu máis alto grao, desde un punto de vista instrumental, creativo e artístico.

### **3. Atención á diversidade**

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio alto, cunha grande capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanza xerais. As motivacións para estudar no conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo, polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o curriculum ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha gama ampla de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe.
- Variacións da metodoloxía para adaptala ás necesidades de cada alumno.
- Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
- Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

A adaptación dos obxectivos e, por tanto, dos contidos, terá que respetar os mínimos esixibles fixados na programación.

## **4. Temas transversais**

### **Educación en valores**

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais. Estes contidos, que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social, son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas, co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado unha especial sensibilidade cara a dita realidade. O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

### **Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)**

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día máis patente e a súa utilización exténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias, que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's, pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas, unidas á compartición masiva de material audiovisual, facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de

diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado, a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia, xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado, así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

## **5. Secuenciación do curso**

### **5.1. Curso: 4º G. P.**

#### **5.1.1. Obxectivos**

- Ler á vista partituras tanto de solista como de acompañante nas diferentes modalidades acordeonísticas, dun nivel equivalente ao 1º curso de Acordeón de Grao Elemental.
- Analizar obras de características similares ó punto anterior.
- Transportar a distancia de 2ªM e 2ªm ascendente e descendente nas diferentes modalidades acordeonísticas.
- Acompañar á vista pezas dun nivel equivalente ao 1º curso de Acordeón de Grao Elemental.
- Realizar cifrado harmónico con contido de tríades maiores e menores, aumentadas e diminuídas en todos os estados.
- Realizar as cadencias auténtica, plagal, semicadencia e rota.
- Improvisar fragmentos con estruturas harmónicas básicas en Estado Fundamental atendendo ao patrón funcional I – IV – V – I, con estruturas de “pregunta-resposta”.

#### **5.1.2. Contidos**

### **REPENTIZACIÓN**

- Lectura á vista de partituras tanto de solista como de acompañante nas diferentes modalidades acordeonísticas, dun nivel equivalente ao 1º curso de instrumento de Grao Elemental, abarcando diferentes estilos, texturas e formas nas claves propias do acordeón.
- Análise melódico, harmónico, rítmico e formal, de obras dun nivel equivalente ao 1º curso de instrumento de Grao Elemental.
- Lectura de fragmentos a dúas voces en combinacións de claves.



## TRANSPOSICIÓN

- Transporte de fragmentos breves a intervalos de 2ªM e 2ªm ascendente e descendente nas diferentes modalidades acordeonísticas.
- Transporte harmónico a todas as tonalidades de fragmentos que conteñan a progresión I – IV – V – I.
- Acompañamento á vista de pezas para transportar, atendendo aos puntos anteriores.

## CIFRADO

- Realización de cifrado harmónico con contido de tríades maiores e menores, aumentadas e diminuídas en todos os estados.
- Acompañamento de pezas con baixo cifrado con contido de tríades maiores e menores, aumentadas e diminuídas en todos os estados.
- Introducción ao cifrado americano. Acordes tríades e de 7ª de dominante.

## IMPROVISACIÓN

- Realización de cadencias auténtica, plagal, semicadencia e rota.
- Improvisación de fragmentos curtos de procesos cadenciais e estruturas harmónicas básicas en Estado Fundamental atendendo ao patrón I – IV – V – I.
- Improvisación de fragmentos de 8 compases e estruturas de “pregunta-resposta”.

### 5.1.3. Avaliación

#### Criterios de avaliación

- (\*) Repentizar pasaxes musicais nas diferentes modalidades acordeonísticas dun nivel de dificultade acorde ao 1º curso de acordeón de Grao Elemental como solista e acompañante, valéndose dunha

axeitada análise previa, logrando continuidade na execución e interpretando as diversas indicacións da partitura.

- (\*) Chegar, a través da análise, á estrutura harmónica interna dunha partitura sinxela para acordeón.
- Executar co instrumento de forma correcta a estrutura harmónica interna dun fragmento curto para acordeón, previo análise da súa estrutura harmónica.
- (\*) Transportar correctamente e con soltura fragmentos musicais a intervalos de 2ªM e 2ªm ascendente e descendente nas diferentes modalidades acordeonísticas.
- (\*) Realizar correctamente baixos cifrados de tipo harmónico, barroco ou americano, dunha dificultade elemental, incluíndo acordes tríades en todos os estados.
- Acompañar con soltura pezas con baixo cifrado.
- (\*) Improvisar con soltura a partir de estruturas harmónicas de 4 ou 8 compases, formadas polas tres funcións harmónicas principais utilizando diferentes formulacións rítmicas.
- Superpoñer correctamente a unha estrutura harmónica unha estrutura melódica de acordo aos principios xerais de pregunta-resposta.

### **Mínimos esixibles**

Os criterios de avaliación marcados con (\*) son considerados os mínimos esixibles para superar o curso.

### **Procedementos e ferramentas de avaliación**

A comezo do curso lectivo, realizarase una avaliación inicial coa intención de analizar o punto de partida do alumnado, para así detectar os coñecementos e destrezas das que se parte. Esta avaliación está pensada, de xeito orientativo, para que os profesores escollan as metodoloxías máis apropiadas ao nivel de desenvolvemento dos alumnos.

A avaliación será continua e integradora e permitiranos comprobar o grao de consecución dos nosos obxectivos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Como procedementos de avaliación empregarase a observación directa e indirecta do alumnado. Empregarase o caderno de aula do profesor, rúbricas, listas de cotexo e a análise de traballos como instrumentos de avaliación.

### **Criterios de cualificación**

A nota será numérica, sen inclusións de decimais, do 1 ao 10. Para poder superar o curso, o alumno terá que obter unha cualificación global igual ou maior a 5.

Para dita cualificación terase en conta o cumprimento dos obxectivos a través dos procedementos arriba indicados, sendo a porcentaxe na cualificación a seguinte:

- Criterios técnicos: 40%

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenvolvemento do oído interno, etc.

- Criterios estéticos: 40%

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación, etc.

- Criterios actitudinais: 20%

Actitude, interese, comportamento, etc.

Para ter opción a facer media, e polo tanto, aprobar, o alumno deberá acadar un 5 en cada un dos apartados sinalados.

A non xustificación de 4 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais. Os alumnos que non xustifiquen 4 faltas serán avaliados mediante unha proba consistente na realización dunha serie de exercicios de improvisación, repentización, transposición e baixo cifrado no que as porcentaxes para a súa avaliación serán:

- Improvisación: 25%
- Repentización: 25%
- Transposición: 25%
- Baixo Cifrado: 25%

Atendendo aos criterios de cualificación desta proba, a nota será numérica, sen inclusións de decimais, do 1 ao 10. Para poder superala, o alumno terá que obter unha cualificación global igual ou maior a 5.

Para dita cualificación terase en conta o cumprimento dos obxectivos a través dos procedementos arriba indicados, sendo a porcentaxe na cualificación a seguinte:

- Criterios técnicos: 50%

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenvolvemento do oído interno, etc.

- Criterios estéticos: 50%

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación, etc.

Para ter opción a facer media, e polo tanto, aprobar, o alumno deberá acadar un 5 en cada un dos apartados sinalados.

### **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Para a obtención da ampliación de matrícula na materia de RTA, realizarase unha proba na que o alumno ou alumna realizará os exercicios marcados polo profesor. As porcentaxes para a avaliación dos exercicios serán:

- Improvisación: 25%
- Repentización: 25%
- Transposición: 25%
- Baixo Cifrado: 25%

A proba valorarase de 1 a 10; a partir do 5 a cualificación é positiva.

É preciso ter superado todas as partes para proceder a ampliación de matrícula.

#### **5.1.4. Medidas de recuperación**

##### **Procedementos de recuperación ordinarios**

Os alumnos que non acaden os obxectivos do curso serán avaliados mediante unha proba consistente na realización dunha serie de exercicios de improvisación, repentización, transposición e baixo cifrado no que as porcentaxes para a súa avaliación serán:

- Improvisación: 25%
- Repentización: 25%
- Transposición: 25%
- Baixo Cifrado: 25%

Atendendo aos criterios de cualificación desta proba, a nota será numérica, sen inclusións de decimais, do 1 ao 10. Para poder superala, o alumno terá que obter unha cualificación global igual ou maior a 5.

Para dita cualificación terase en conta o cumprimento dos obxectivos a través dos procedementos arriba indicados, sendo a porcentaxe na cualificación a seguinte:

- Criterios técnicos: 50%

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenrolo do oído interno, etc.

- Criterios estéticos: 50%

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación, etc.

Para ter opción a facer media, e polo tanto, aprobar, o alumno deberá acadar un 5 en cada un dos apartados sinalados.

### **Probas extraordinarias de xuño**

No caso de que o alumno non alcance os obxectivos do curso e obteña na avaliación ordinaria unha cualificación inferior a 5, contará cunha proba extraordinaria en xuño que será debidamente informada en canto a obxectivos e contidos polo profesor correspondente, que versará en torno aos mínimos exixibles.

#### **5.1.5. Recursos didácticos**

- Método de acompañamiento improvisado. Ángeles López Artiga. Piles Editorial de Música.
- Ejercicios de acompañamiento. Manuel Oltra. Editorial Boileau.
- Método de transposición. Doupond. Editorial Boileau.
- Improvisación al piano vols. 1 – 4. Emilio Molina. Ed. Real Musical
- Teoría y práctica del bajo cifrado. Miguel Asins Arbó. Editorial Real Musical.
- Tratado de acompañamiento. Camilo Williart. Editorial Real Musical.
- Escuela del bajo continuo. Ángeles López Artiga. Ed. Real Musical.

## **5.2. Curso: 5º G. P.**

### **5.2.1. Obxectivos**

- Ler á vista partituras tanto de solista como de acompañante nas diferentes modalidades acordeonísticas, dun nivel equivalente ao 2º curso de Acordeón de Grao Elemental.
- Analizar de maneira melódica, harmónica, rítmica e formal obras dun nivel equivalente ao 2º curso de Acordeón de Grao Elemental.
- Transportar a distancia de 3ªM e 3ªm, ascendente e descendente.
- Acompañar á vista pezas de características similares ás anteriores.
- Ler partituras con instrumentos transpositores en Sib a 2 e máis pentagramas.
- Realizar baixos cifrados que inclúan acordes tríades maiores, menores, aumentados e diminuídos; e acordes de 7ª de dominante en Estado Fundamental e inversións, con modulación a tons veciños.
- Improvisar acompañamentos de pezas con baixo cifrado atendendo ao punto anterior.
- Realizar o acompañamento dunha melodía con ritmo básico, a partir dun cifrado americano.
- Improvisar procesos cadenciais de mediana extensión e estruturas harmónicas básicas en Estado Fundamental e inversións atendendo ao patrón funcional T – SD – D – T.
- Improvisar atendendo a ritmos de danzas populares, especialmente galegas.

### **5.2.2. Contidos**

#### **REPENTIZACIÓN**

- Lectura á vista de partituras tanto de solista como de acompañante nas diferentes modalidades acordeonísticas, dun nivel similar ao 2º curso de Acordeón de Grao Elemental, abarcando diferentes estilos, texturas e formas nas claves propias do acordeón.
- Análise melódico, harmónico, rítmico e formal de obras dun nivel similar ao 2º curso de Acordeón de Grao Elemental.

- Lectura de fragmentos a dúas ou tres voces en combinacións de claves.

## TRANSPOSICIÓN

- Afianzamento e perfeccionamento do transporte a intervalos de 2ªM e 2ªm ascendente e descendente nas diferentes modalidades acordeonísticas.
- Transporte de fragmentos breves a intervalos de 3ªM e 3ªm ascendente e descendente nas diferentes modalidades acordeonísticas.
- Transporte harmónico a todas as tonalidades de fragmentos que conteñan a sucesión T – SD – D – T, utilizando acordes tríades e de 7ª con función de dominante en calquera inversión.
- Acompañamento á vista de pezas para transportar, atendendo aos puntos anteriores.
- Lectura de partituras con instrumentos transpositores en Sib a 2 e máis pentagramas.

## CIFRADO

- Realización de baixos que inclúan acordes tríades maiores, menores, aumentados e diminuídos; e acordes de 7ª de dominante en Estado Fundamental e inversións.
- Modulación a tonalidades veciñas.
- Acompañamento á vista de pezas con baixo cifrado atendendo ao punto anterior.
- Realización do acompañamento dunha melodía con ritmo básico, a partir dun cifrado americano.

## IMPROVISACIÓN

- Introducción a forma “Blues”.
- Improvisación de procesos cadenciais de mediana extensión e estruturas harmónicas básicas en Estado Fundamental e inversións atendendo ao patrón funcional T – SD – D – T.



- Improvisación atendendo a ritmos de danzas populares, especialmente galegas.
- Improvisación de fragmentos de 8 compases e estruturas de “pregunta-resposta”.

### **5.2.3. Avaliación**

#### **Criterios de avaliación**

- (\*) Repentizar pasaxes musicais dun nivel de dificultade acorde ao 2º curso de Acordeón de Grao Elemental como solista e acompañante nas diferentes modalidades acordeonísticas, valéndose dunha axeitada análise previa, logrando continuidade na execución e interpretando as diversas indicacións da partitura.
- (\*) Chegar, a través da análise, á estrutura harmónica interna dunha partitura para acordeón dun nivel de dificultade acorde ao 2º curso de Acordeón de Grao Elemental.
- Ler harmonicamente de forma correcta un fragmento curto para acordeón, analizando previamente a súa estrutura harmónica e eliminando todo o que non sexa esencial para dito propósito.
- (\*) Transportar correctamente e con soltura fragmentos musicais a intervalos de 2ªM, 2ªm, 3ªM e 3ªm ascendente e descendente nas diferentes modalidades acordeonísticas.
- Ler de forma correcta partituras con instrumentos transpositores en Sib, logrando continuidade na execución e interpretando as diversas indicacións da partitura.
- Realizar correctamente unha estrutura de 8 compases, semicadencial, de cadencia auténtica, de cadencia plagal ou rota, empregando acordes tríades en Estado Fundamental e 1ª inversión.
- (\*) Realizar correctamente baixos cifrados de tipo harmónico, barroco ou americano, incluíndo acordes tríades e acordes de 7ª de dominante en Estado Fundamental, 1ª e 2ª inversión.
- Realizar con soltura acompañamentos rítmico-harmónicos de pezas con baixo cifrado.

- (\*) Improvisar con soltura a partir de estruturas harmónicas de 8 a 16 compases, de tipo unitonal ou modulantes a tonalidades veciñas, empregando acordes tríades e de 7<sup>a</sup> de Dominante sobre os graos principais.
- Improvisar atendendo a ritmos de danzas populares, especialmente galegas.
- Realizar o acompañamento básico dunha peza de música lixeira a partir dunha partitura na que só aparezan a melodía e o cifrado americano.

### **Mínimos esixibles**

Os criterios de avaliación marcados con (\*) son considerados os mínimos esixibles para superar o curso.

### **Procedementos e ferramentas de avaliación**

A comezo do curso lectivo, realizarase una avaliación inicial coa intención de analizar o punto de partida do alumnado, para así detectar os coñecementos e destrezas das que se parte. Esta avaliación está pensada, de xeito orientativo, para que os profesores escollan as metodoloxías máis apropiadas ao nivel de desenvolvemento dos alumnos.

A avaliación será continua e integradora e permitiranos comprobar o grao de consecución dos nosos obxectivos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Como procedementos de avaliación empregarase a observación directa e indirecta do alumnado. Empregarase o caderno de aula do profesor, rúbricas, listas de cotexo e a análise de traballos como instrumentos de avaliación.

### **Criterios de cualificación**

A nota será numérica, sen inclusións de decimais, do 1 ao 10. Para poder superar o curso, o alumno terá que obter unha cualificación global igual ou maior a 5.

Para dita cualificación terase en conta o cumprimento dos obxectivos a través dos procedementos arriba indicados, sendo a porcentaxe na cualificación a seguinte:

- Criterios técnicos: 40%

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenrolo do oído interno, etc.

- Criterios estéticos: 40%

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación, etc.

- Criterios actitudinais: 20%

Actitude, interese, comportamento, etc.

Para ter opción a facer media, e polo tanto, aprobar, o alumno deberá acadar un 5 en cada un dos apartados sinalados.

A non xustificación de 4 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais. Os alumnos que non xustifiquen 4 faltas serán avaliados mediante unha proba consistente na realización dunha serie de exercicios de improvisación, repentización, transposición e baixo cifrado no que as porcentaxes para a súa avaliación serán:

- Improvisación: 25%
- Repentización: 25%
- Transposición: 25%
- Baixo Cifrado: 25%

Atendendo aos criterios de cualificación desta proba, a nota será numérica, sen inclusións de decimais, do 1 ao 10. Para poder superala, o alumno terá que obter unha cualificación global igual ou maior a 5.

Para dita cualificación terase en conta o cumprimento dos obxectivos a través dos procedementos arriba indicados, sendo a porcentaxe na cualificación a seguinte:

- Criterios técnicos: 50%

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenvolvemento do oído interno, etc.

- Criterios estéticos: 50%

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación, etc.

Para ter opción a facer media, e polo tanto, aprobar, o alumno deberá acadar un 5 en cada un dos apartados sinalados.

### **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Para a obtención da ampliación de matrícula na materia de RTA, realizarase unha proba na que o alumno ou alumna realizará os exercicios marcados polo profesor. As porcentaxes para a avaliación dos exercicios serán:

- Improvisación: 25%
- Repentización: 25%
- Transposición: 25%
- Baixo Cifrado: 25%

A proba valorarase de 1 a 10; a partir do 5 a cualificación é positiva.

É preciso ter superado todas as partes para proceder a ampliación de matrícula.

#### **5.2.4. Medidas de recuperación**

##### **Procedementos de recuperación ordinarios**

Os alumnos que non acaden os obxectivos do curso serán avaliados mediante unha proba consistente na realización dunha serie de exercicios de improvisación, repentización, transposición e baixo cifrado no que as porcentaxes para a súa avaliación serán:

- Improvisación: 25%
- Repentización: 25%

- Transposición: 25%
- Baixo Cifrado: 25%

Atendendo aos criterios de cualificación desta proba, a nota será numérica, sen inclusións de decimais, do 1 ao 10. Para poder superala, o alumno terá que obter unha cualificación global igual ou maior a 5.

Para dita cualificación terase en conta o cumprimento dos obxectivos a través dos procedementos arriba indicados, sendo a porcentaxe na cualificación a seguinte:

- Criterios técnicos: 50%

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenrolo do oído interno, etc.

- Criterios estéticos: 50%

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación, etc.

Para ter opción a facer media, e polo tanto, aprobar, o alumno deberá acadar un 5 en cada un dos apartados sinalados.

### **Probas extraordinarias de xuño**

No caso de que o alumno non alcance os obxectivos do curso e obteña na avaliación ordinaria unha cualificación inferior a 5, contará cunha proba extraordinaria en xuño que será debidamente informada en canto a obxectivos e contidos polo profesor correspondente, que versará en torno aos mínimos exixibles.

#### **5.2.5. Recursos didácticos**

- Método de acompañamiento improvisado. Ángeles López Artiga. Piles Editorial de Música.
- Ejercicios de acompañamiento. Manuel Oltra. Editorial Boileau.
- Método de transposición. Doupond. Editorial Boileau.

- Improvisación al piano vols. 1 – 4. Emilio Molina. Ed. Real Musical
- Teoría y práctica del bajo cifrado. Miguel Asins Arbó. Editorial Real Musical.
- Tratado de acompañamiento. Camilo Williart. Editorial Real Musical.
- Escuela del bajo continuo. Ángeles López Artiga. Ed. Real Musical.

### **5.3. Curso: 6º G. P.**

#### **5.3.1. Obxectivos**

- Ler á vista partituras tanto de solista como de acompañante nas diferentes modalidades acordeonísticas, dun nivel equivalente ao 3º curso de Acordeón de Grao Elemental.
- Analizar de maneira melódica, harmónica, rítmica e formal obras dun nivel equivalente ao 3º curso de Acordeón de Grao Elemental.
- Ler fragmentos musicais a dúas, tres ou catro voces en combinacións de claves.
- Transportar fragmentos musicais a calquera tonalidade nas diferentes modalidades acordeonísticas.
- Transportar harmónicamente a todas as tonalidades fragmentos que conteñan calquera progresión nunha mesma tonalidade ou con modulacións, utilizando acordes tríades e cuatríades en Estado Fundamental e inversións.
- Realizar á vista acompañamentos harmónico rítmicos de pezas para transportar, atendendo ao punto anterior.
- Realizar baixos cifrados que inclúan acordes de 7ª sen función de dominante e de 9º de dominante en Estado Fundamental e inversións.
- Realizar, a partir dun cifrado americano, o acompañamento a unha melodía con ritmo básico que inclúa os acordes descritos ata o momento.
- Practicar os acompañamentos rítmicos e harmónicos básicos empregados na música tradicional galega.
- Coñecer os adornos máis empregados nas melodías tradicionais (Galicia, Escocia e Irlanda, etc).
- Improvisar procesos cadenciais de mediana extensión e estruturas harmónicas básicas utilizando sétimas diatónicas, 7ª de dominante e 7ª diminuída en Estado Fundamental e inversións, engadindo fórmulas rítmicas asociadas aos ritmos clásicos, jazz, música lixeira, danzas, etc.

### 5.3.2. Contidos

#### REPENTIZACIÓN

- Lectura á vista de partituras tanto de solista como de acompañante nas diferentes modalidades acordeonísticas, dun nivel equivalente ao 3º curso de Acordeón de Grao Elemental, abarcando diferentes estilos, texturas e formas nas claves propias do acordeón.
- Análise melódico, harmónico, rítmico e formal de obras dun nivel equivalente ao 3º curso de Acordeón de Grao Elemental.
- Memorización da estrutura harmónica de fragmentos de similares características ás do punto anterior.
- Lectura de fragmentos a dúas, tres ou catro voces en combinacións de claves.
- Practica dos acompañamentos rítmicos e harmónicos básicos empregados na música tradicional galega.
- Coñecemento dos adornos máis empregados nas melodías tradicionais (Galicia, Escocia, Irlanda, etc.).

#### TRANSPOSICIÓN

- Afianzamento e perfeccionamento do transporte a intervalos de 2ªM, 2ªm, 3ªM e 3ªm ascendente e descendente nas diferentes modalidades acordeonísticas.
- Transporte de fragmentos breves a calquera tonalidade nas diferentes modalidades acordeonísticas.
- Transporte harmónico a todas as tonalidades de fragmentos que conteñan calquera progresión nunha mesma tonalidade ou con modulacións, utilizando acordes tríades e cuatríades en Estado Fundamental e inversións.
- Acompañamento á vista de pezas para transportar de características similares ás do punto anterior.



## CIFRADO

- Realización de baixos cifrados que inclúan acordes de 7<sup>a</sup> sen función de dominante e de 9<sup>o</sup> de dominante en Estado Fundamental e inversións.
- Acompañamento á vista de fragmentos musicais con baixo cifrado de características similares ás do punto anterior.
- Execución do acompañamento a unha melodía con ritmo básico valéndose dun cifrado americano que inclúa os acordes descritos ata o momento.

## IMPROVISACIÓN

- Improvisación de procesos cadenciais de mediana extensión e estruturas harmónicas básicas utilizando sétimas diatónicas, 7<sup>a</sup> de dominante e 7<sup>a</sup> diminuida en Estado Fundamental e inversións.
- Improvisación de procesos cadenciais de mediana extensión e estruturas harmónicas básicas utilizando fórmulas rítmicas asociadas aos ritmos clásicos, jazz, música lixeira, danzas, etc.
- Improvisación, tendo en conta o anterior, de frases e estruturas binarias e ternarias.

### 5.3.3. Avaliación

#### Criterios de avaliación

- (\*) Repentizar pasaxes musicais dun nivel de dificultade acorde ao 3<sup>o</sup> curso de Acordeón de Grao Elemental como solista e acompañante nas diferentes modalidades acordeonísticas, valéndose dunha axeitada análise previa, logrando continuidade na execución e interpretando as diversas indicacións da partitura.
- (\*) Chegar, a través da análise, á estrutura harmónica interna dunha partitura para acordeón dun nivel de dificultade acorde ao 2<sup>o</sup> curso de acordeón de Grao Elemental.

- Ler harmonicamente de forma correcta un fragmento curto para acordeón, analizando previamente a súa estrutura harmónica e eliminando todo o que non sexa esencial para dito propósito.
- Ler de forma correcta e con soltura fragmentos a 2, 3 ou 4 voces en combinacións de claves.
- (\*) Transportar correctamente e con soltura fragmentos musicais a calquera tonalidade nas diferentes modalidades acordeonísticas.
- Realizar correctamente unha estrutura semicadencial, de cadencia auténtica, de cadencia plagal ou rota, empregando acordes tríades, cuatríades e 9ª de Dominante en Estado Fundamental e 1ª inversión con ou sen modulación.
- (\*) Realizar correctamente baixos cifrados de tipo harmónico, barroco ou americano, que inclúan acordes de 7ª sen función de dominante e de 9º de dominante en Estado Fundamental e inversións.
- Acompañar con soltura e continuidade fragmentos con baixo cifrado.
- (\*) Improvisar con soltura e dominio da situación procesos cadenciais de mediana extensión e estruturas harmónicas básicas utilizando sétimas diatónicas, 7ª de dominante e 7ª diminuída en Estado Fundamental e inversión, así como fórmulas rítmicas asociadas a diferentes estilos musicais.
- Realizar, cun ritmo básico, os acordes sinalados na partitura dunha canción de música lixeira, na que so aparezan a melodía e o cifrado americano.
- Realizar acompañamentos improvisados a melodías de distintos estilos, de tipo unitonal ou modulantes a tonalidades veciñas, empregando acordes tríades, cuatríades e modulacións.

### **Mínimos esixibles**

Os criterios de avaliación marcados con (\*) son considerados os mínimos esixibles para superar o curso.

## **Procedementos e ferramentas de avaliación**

A comezo do curso lectivo, realizarase una avaliación inicial coa intención de analizar o punto de partida do alumnado, para así detectar os coñecementos e destrezas das que se parte. Esta avaliación está pensada, de xeito orientativo, para que os profesores escollan as metodoloxías máis apropiadas ao nivel de desenvolvemento dos alumnos.

A avaliación será continua e integradora e permitiranos comprobar o grao de consecución dos nosos obxectivos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Como procedementos de avaliación empregarase a observación directa e indirecta do alumnado. Empregarase o caderno de aula do profesor, rúbricas, listas de cotexo e a análise de traballos como instrumentos de avaliación.

## **Criterios de cualificación**

A nota será numérica, sen inclusións de decimais, do 1 ao 10. Para poder superar o curso, o alumno terá que obter unha cualificación global igual ou maior a 5.

Para dita cualificación terase en conta o cumprimento dos obxectivos a través dos procedementos arriba indicados, sendo a porcentaxe na cualificación a seguinte:

- Criterios técnicos: 40%

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenvolvemento do oído interno, etc.

- Criterios estéticos: 40%

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación, etc.

- Criterios actitudinais: 20%

Actitude, interese, comportamento, etc.

Para ter opción a facer media, e polo tanto, aprobar, o alumno deberá acadar un 5 en cada un dos apartados sinalados.

A non xustificación de 4 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais. Os alumnos que non xustifiquen 4 faltas serán avaliados mediante unha proba consistente na realización dunha serie de exercicios de improvisación, repentización, transposición e baixo cifrado no que as porcentaxes para a súa avaliación serán:

- Improvisación: 25%
- Repentización: 25%
- Transposición: 25%
- Baixo Cifrado: 25%

Atendendo aos criterios de cualificación desta proba, a nota será numérica, sen inclusións de decimais, do 1 ao 10. Para poder superala, o alumno terá que obter unha cualificación global igual ou maior a 5.

Para dita cualificación terase en conta o cumprimento dos obxectivos a través dos procedementos arriba indicados, sendo a porcentaxe na cualificación a seguinte:

- Criterios técnicos: 50%

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenvolvemento do oído interno, etc.

- Criterios estéticos: 50%

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación, etc.

Para ter opción a facer media, e polo tanto, aprobar, o alumno deberá acadar un 5 en cada un dos apartados sinalados.

### **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Para a obtención da ampliación de matrícula na materia de RTA, realizarase unha proba na que o alumno ou alumna realizará os exercicios marcados polo profesor. As porcentaxes para a avaliación dos exercicios serán:

- Improvisación: 25%
- Repentización: 25%
- Transposición: 25%
- Baixo Cifrado: 25%

A proba valorarase de 1 a 10; a partir do 5 a cualificación é positiva.

É preciso ter superado todas as partes para proceder a ampliación de matrícula.

#### **5.3.4. Medidas de recuperación**

##### **Procedementos de recuperación ordinarios**

Os alumnos que non acaden os obxectivos do curso serán avaliados mediante unha proba consistente na realización dunha serie de exercicios de improvisación, repentización, transposición e baixo cifrado no que as porcentaxes para a súa avaliación serán:

- Improvisación: 25%
- Repentización: 25%
- Transposición: 25%
- Baixo Cifrado: 25%

Atendendo aos criterios de cualificación desta proba, a nota será numérica, sen inclusións de decimais, do 1 ao 10. Para poder superala, o alumno terá que obter unha cualificación global igual ou maior a 5.

Para dita cualificación terase en conta o cumprimento dos obxectivos a través dos procedementos arriba indicados, sendo a porcentaxe na cualificación a seguinte:

- Criterios técnicos: 50%

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenrolo do oído interno, etc.

- Criterios estéticos: 50%

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación, etc.

Para ter opción a facer media, e polo tanto, aprobar, o alumno deberá acadar un 5 en cada un dos apartados sinalados.

### **Probas extraordinarias de xuño**

No caso de que o alumno non alcance os obxectivos do curso e obteña na avaliación ordinaria unha cualificación inferior a 5, contará cunha proba extraordinaria en xuño que será debidamente informada en canto a obxectivos e contidos polo profesor correspondente, que versará en torno aos mínimos exixibles.

#### **5.3.5. Recursos didácticos**

- Método de acompañamiento improvisado. Ángeles López Artiga. Piles Editorial de Música.
- Ejercicios de acompañamiento. Manuel Oltra. Editorial Boileau.
- Método de transposición. Doupond. Editorial Boileau.
- Improvisación al piano vols. 1 – 4. Emilio Molina. Ed. Real Musical
- Teoría y práctica del bajo cifrado. Miguel Asins Arbó. Editorial Real Musical.
- Tratado de acompañamiento. Camilo Williart. Editorial Real Musical.
- Escuela del bajo continuo. Ángeles López Artiga. Ed. Real Musical.

## **6. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica**

Será necesario pór en práctica medidas de autoavaliación docente, pois ademais de resultar enriquecedor e respectuoso coa autonomía profesional, permitirá ao docente autodirixirse cara ao seu desenrolo profesional. É por isto que ao finalizar o curso realizarase unha autoavaliación co fin de analizar a metodoloxía empregada, a planificación da programación didáctica, a relación co alumnado e as familias, a xestión do clima da aula, o proceso de avaliación e a atención á diversidade.

## **7. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

O procedemento para realizar a avaliación interna do Departamento levarase a cabo polo conxunto de profesores que forman parte do mesmo e quedará reflectido na Memoria final do Departamento que se engadirá á Memoria Xeral do Centro. Na avaliación que realizará o departamento indicarase o número de alumnos da materia, baixas, aprobados, suspensos en tanto por cento, ao tempo que se sinalará aquelas circunstancias que sexan destacables do proceso de aprendizaxe do alumnado, tanto os obxectivos acadados coma os non acadados e as causas que motivaron os mesmos.

## **8. Probas de acceso**

Poderase acceder a calquera curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes. Esta proba constará de dous exercicios:

1. Interpretación, no instrumento ou coa voz, de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das que, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de un a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de 5 puntos para superalo.
2. Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores ao que se opte. Este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para superalo.

A materia de Repentización, Transposición e Acompañamento intégrase neste exercicio.

### **Contidos**

- Improvisación dunha melodía e o seu acompañamento cunha estrutura básica de oito compases realizada cos graos tonais e acordes de sétima dominante en todas as inversións.
- Lectura a primeira vista dunha obra dun nivel axeitado ao alumno. Análise oral dos elementos substanciais da obra.
- Transportar un fragmento breve a intervalos de cuarta e quinta xustas, ascendentes e descendentes.
- Realización dunha canción cunha extensión de dezaseis compases con ritmos variados e harmonías sinxelas.

### **Criterios de avaliación e cualificación**

As diferentes partes que compoñen a materia de Repentización, Transposición e Acompañamento suporán a media da nota na proba de acceso xunto co resto de materias teórico-prácticas, tendo en conta que o alumnado deberá obter a cualificación de 5 en cada unha das partes anteriormente referidas. A puntuación definitiva da proba citada nos apartados anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios (a interpretación no instrumento principal e a proba teórico-práctica). Para estes efectos ponderarase o primeiro



deles nun 70%, e o segundo nun 30%. A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fora convocada.

## **9. Premios Fin de Grao**

### **Criterios para a obtención dos premios fin de grao**

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 9, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin. O departamento didáctico correspondente á especialidade instrumental do alumno/a establecerá os criterios valorativos para a obtención de dito premio.